



XUNTA DE GALICIA

Universidade de Vigo

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E
A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DOS TRABALLOS
PREVIOS Á REHABILITACIÓN DO EDIFICIO FARADAY NA ETEA**

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017.

	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
DATA DE ENTRADA: 12 SET. 2017	
REXISTRO DE CONVENIOS	

COMPARECEN

Dunha parte, o Sr. Valeriano Martínez García, como Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia para cuxo cargo foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e que actúa en representación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (en adiante a CONSELLERÍA) consonte o disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, o Sr. Salustiano Mato de la Iglesia, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), que actúa en nome e representación desta entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e do seu nomeamento como reitor no Decreto 90/2010, do 10 de xuño (DOG do 17 de xuño do 2010).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Facenda ten encomendadas, segundo o Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da



Consellería de Facenda, entre outras, as competencias relativas ás directrices económicas do sector público autonómico e para iso debe promover todas aquelas accións que redunden, directa ou indirectamente, nun maior volume de ingresos públicos para a Comunidade Autónoma.

SEGUNDO.- Que a CONSELLERÍA debe promover a investigación e fomentar a transferencia de coñecemento ao tecido económico empresarial e á sociedade. A investigación é primordial no desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma e, polo tanto, vai ter consecuencias positivas para a súa economía, sobre todo, cando a investigación e o desenvolvemento afectan aos recursos mariños e á industria relacionada co mar e co sector pesqueiro dada a súa importancia para Galicia.

TERCEIRO.- Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades.

CUARTO.- A Universidade de Vigo promove como un dos obxectivos esenciais da súa actividade a formación de persoal investigador, o fomento e a transferencia de coñecemento á sociedade, así como a coordinación da investigación científica, técnica, humanística e artística. A investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento a esta.



Promoverá o achegamento das culturas humanística e científica e esforzarase por transmitirle o coñecemento á sociedade mediante a divulgación da ciencia.

Para realizar adecuadamente as ditas funcións básicas, a Universidade de Vigo ten que contar coas infraestruturas necesarias e crear e manter os servizos xerais que precise.

QUINTO.- O Campus do Mar é un proxecto liderado pola Universidade de Vigo e promovido por tres universidades galegas, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO). Coa intención de reunir o maior potencial posible e optimizar os recursos dispoñibles, o proxecto aglutina aos axentes socioeconómicos e aos grupos de investigación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal relacionados co ámbito marítimo.

O Campus do Mar aspira a ser o dinamizador dunha rede transfronteiriza e integrada de unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía. Os seus obxectivos son:

- Formar aos mellores profesionais e investigadores no ámbito das Ciencias do Mar
- Xerar investigación de calidade e impacto internacional.
- Proporcionar á industria as mellores ferramentas para mellorar a súa competitividade no mundo globalizado.

A súa localización na ETEA supón unha confluencia de intereses da Universidade, da cidade de Vigo e, tamén, da Comunidade Autónoma tanto polo seu significado ao rehabilitar a zona como polo aporte científico que supón para a toda a sociedade desta Comunidade.



SEXTO.- Para poder rehabilitar o edificio hai que redactar o proxecto e para iso precisase recoller previamente unha serie de datos sobre o edificio para caracterizar a resistencia do terreo, da estrutura, as dimensións exactas do edificio e desenvolver o proxecto sectorial previsto no plan. Estes traballos que precisan ser contratados a empresas especializadas son os seguintes:

- O proxecto sectorial desenvolverá as determinacións do plan sectorial no ámbito PS-3A en canto a normativa urbanística, usos pormenorizados e urbanización.
- O estudo Xeotécnico deberá definir as condicións da cimentación da estrutura determinando o tipo de cimentación mais axeitado, así como as tensións admisibles recomendables de acordo cos asentos previsibles. Tamén a agresividade dos solos e a auga ao cemento e formigón.
- A análise estrutural deberá determinar a capacidade portante da estrutura existente cumprindo as esixencias da normativa vixente.
- O levantamento de planimetría e BIM terá que realizar o levantamento topográfico con escáner láser de alta precisión da fachada e o interior do edificio mediante unha nube de puntos xeoreferenciada, e facer o modelado da información e o estado actual da edificación e do entorno.

SÉTIMO.- Que a Xunta de Galicia ten un especial interese no desenvolvemento do Campus do Mar na ETEA, polo que, vai contribuír neste espazo impulsando distintas actuacións. Entre as ditas actuacións e a través deste instrumento, financiarase en concreto pola Consellería de Facenda a realización dos estudos e contratacións dos traballos previos necesarios para a rehabilitación do edificio Faraday.



OITAVO.- O edificio Faraday que se atopa dentro das instalacións da ETEA é propiedade da Xunta de Galicia e a Consellería de Facenda ten a súa dispoñibilidade en virtude da Orde de desafectación do 17 de febreiro de 2016.

Sobre este edificio está previsto a creación dun dereito de superficie a favor da Universidade de Vigo. Por iso, a eficacia deste convenio queda diferida á constitución deste dereito.

Polo exposto, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio consiste en outorgar unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á UVIGO para o financiamento dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday na ETEA.

As actividades que se realizarán ao abeiro deste convenio son as seguintes:

- Proxecto sectorial
- Estudo Xeotécnico
- Análise estrutural
- Levantamento de planimetría e BIM
- Redacción de proxecto básico e de execución
- Redacción de prego de prescricións técnicas para a rehabilitación do edificio.



SEGUNDA.- Interese público e imposibilidade de promover a concorrência

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar o interese público deste convenio.

Este interese público vén derivado dun dos obxectivos principais da Xunta que é o de realizar actuacións coas universidades do SUG para acadar a mellora da investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da investigación e da innovación, co fin de que o coñecemento que se adquira se transfira á sociedade.

No artigo 7 da dita Lei 6/2013, do 13 de xuño, indícase que as universidades públicas do SUG estrutúranse en campus universitarios concibidos como complexos organizativos territoriais e espazos de integración e convivencia.

A Xunta de Galicia fomenta o avance das universidades públicas cara a organización territorial, tendente a unha maior especialización, compatibilidade e calidade docente e investigadora.

O Campus do Mar é un proxecto liderado pola Universidade de Vigo e promovido polas tres universidades galegas, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO). Este proxecto aglutina os axentes socioeconómicos e os grupos de investigación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal relacionados co ámbito marítimo.



Este proxecto é único na Comunidade Autónoma de Galicia e por este motivo non é posible promover a concorrência competitiva xa que o Campus do Mar pertence á UVIGO e o edificio Faraday está integrado neste Campus. Esta circunstancia xustifica a imposibilidade de conveniar con outras universidades para esta finalidade ou análoga.

TERCEIRA.- Obrigas da CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda comprométese a colaborar coa UVIGO para a finalidade deste convenio coa achega económica estipulada na cláusula quinta.

CUARTA.- Obrigas da UVIGO

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da UVIGO:

1. Presentar, con carácter previo á sinatura do convenio, unha declaración responsable na que se faga constar que a Universidade de Vigo non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención que consiste en levar a cabo as actuacións de contratación, dirección, control e recepción dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday.

Valencia



3. Para a contratación de obras e subministracións está sometida ao establecido na Lei de contratos do sector público, aprobado do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e ao disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización da actividade e o seu custo real.
5. Incorporar a imaxe corporativa da Xunta de Galicia – Consellería de Facenda segundo establece o Decreto 409/2009, do 5 de novembro (DOG nº 227 do 19/11/2009) polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia. Esta imaxe será incorporada en todos os soportes que se utilicen. Así mesmo deberán incorporar en todas as actuacións que realicen no marco de este convenio a marca Galicia regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
6. Prestar a colaboración e facilitar toda documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

QUINTA.- Contía da axuda

A dotación da CONSELLERÍA para este convenio é de douscentos corenta e tres mil douscentos dez euros (243.210 €), na anualidade 2017 con cargo a aplicación 23.01.621A.744.0.

O orzamento da actuación desagregase nos seguintes conceptos:

**TRABALLOS PREVIOS**

CONCEPTO	IMPORTE (sen IVE)	IMPORTE (con IVE)
Proxecto sectorial	18.000 €	21.780 €
Estudo xeotécnico	16.000 €	19.360 €
Análise estrutural	14.000 €	16.940 €
Levantamento planimetría e BIM	10.000 €	12.100 €
Redacción proxecto básico	70.000 €	84.700 €
Redacción proxecto de execución	70.000 €	84.700 €
Redacción prego prescricións técnicas	3.000 €	3.630 €
TOTAL	201.000 €	243.210 €

A diferenza de financiamento necesario para a total execución das actividades subvencionadas será por conta da UVIGO.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra a UVIGO para execución dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 20 de decembro de 2017.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención prevista neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta ao obxectivo do interese común. É unha axuda



dirixida ao equipamento dunha infraestrutura para a UVIGO, organismo de investigación de natureza pública e sen ánimo de lucro.

SEXTA.- Xustificación e pagamento da subvención

De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e do artigo 62 do seu regulamento poderanse realizar pagamentos á conta, o que supón a realización de pagamentos fraccionados de acordo co ritmo de execución das accións subvencionadas que non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

A Consellería de Facenda efectuará o libramento dos fondos por importe total de 243.210 € na anualidade de 2017, contra a presentación da UVIGO da seguinte documentación:

- Acreditación de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario que acredite a realización das actuacións previstas neste convenio así coma o investimento da totalidade da subvención na realización das ditas accións e o pagamento efectivo dos ditos investimentos. Con esta certificación deben achegarse os xustificantes correspondentes que consistirán en facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente dos gastos realizados afectos á actividade,

Valencia



acompañados dos comprobantes do seu pagamento, xa sexa por transferencia bancaria ou por talón nominativo.

- O beneficiario deberá xustificar o procedemento utilizado en todas as contratacións financiadas ao abeiro deste convenio, debendo ter a disposición da CONSELLERÍA toda a documentación correspondente aos procesos de adxudicación.
- Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establécese no día 20 de decembro de 2017.

A contía da subvención minorarase proporcionalmente no caso de que o importe total dos gastos xustificados sexa menor que o importe concedido.

SÉTIMA.- Perda do dereito á subvención. Reintegro

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención no suposto do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

A UVIGO estará obrigada ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e dos xuros de demora correspondentes nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Así mesmo, o incumprimento da cláusula cuarta respecto da publicidade da colaboración da Xunta de Galicia – Consellería de Facenda dará lugar a unha minoración do 2% sobre o importe definitivamente xustificado.

OITAVA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 20 de decembro de 2017 sen prexuízo de que se poidan atender actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017.

A eficacia deste convenio queda diferida ao momento en que se formalice o instrumento xurídico polo que se cede o dereito de superficie do inmovible á Universidade.

NOVENA.- Extinción do convenio. Causas de resolución

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nas causas de resolución previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMA.- Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e máis a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir ningunha responsabilidade nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias

As controversias sobre a interpretación e execución deste convenio de colaboración serán resoltas de mutuo acordo entre as partes na comisión de seguimento prevista na cláusula seguinte.

Se non se chegase a acordo, as posibles controversias deberán ser resoltas na vía administrativa segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común ou norma que a substitúa e, de continuar o desacordo, na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Un membro da Secretaría xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, que actuará como presidente/a.
- Un membro da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Dous membros da UVIGO.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.



Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola CONSELLERÍA.

DÉCIMO TERCEIRA.- Compatibilidade da subvención

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola CONSELLERÍA poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A UVIGO queda obrigada a comunicarlle á Consellería de Facenda no momento en que o coñeza calquera outra axuda que poida percibir para a mesma finalidade. A dita comunicación efectuarase, en todo caso, xunto cos documentos xustificativos da axuda.

No caso de que o importe total das axudas concedidas supere o custo total e real da actividade deberá ser reintegrado ao financiamento público a diferenza do importe que supere o dito custo, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO CUARTA.- Publicidade da axuda e rexistro de convenios

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que



se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UVIGO consente expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O convenio incluírase, tamén, nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento a que os seus datos persoais que consten no convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



DÉCIMO SEXTA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusula; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou norma que a substitúa e polas demais normas de dereito administrativo aplicable. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.

As partes asinan este convenio por triplicado en proba de conformidade no lugar e data arriba indicados

Pola Consellería de Facenda

D. Valeriano Martínez García.

Pola Universidade de Vigo

D. Salustiano Mato de la Iglesia.